



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

Expedientes recurso: 2025000033134

Expediente subvención: 2025000017897

Convocatoria: PEL- AUTÓNOMOS/AS 2025

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ESTIMA O RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR DONA MARIA PAZ RIVAS FREIRE CONTRA A RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA NÚMERO 2025/31665 DO 1 DE XULLO DE 2025, POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCÍONS CORRESPONDENTES AO AXUDAS DE APOIO AO EMPRENDEMENTO A TRAVÉS DO FINANCIAMENTO DAS COTAS SOCIAIS DE PERSOAS AUTÓNOMAS (PEL-AUTONOMOS/AS 2025)

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Visto o expediente número 2025000017897 relativo á subvención correspondente ao programa anteriormente citado, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante Resolución de Presidencia número 2025/31665, publicada no BOP número 125 do 3 de xullo de 2025, aprobáronse as concesións das solicitudes de subvencións correspondentes ao Programa de axudas de apoio ao emprendemento a través do financiamento das cotas sociais de persoas autónomas (PEL-AUTÓNOMAS/OS 2025). De acordo con dita resolución, denégase a concesión da solicitude presentada por Don Luís Migue Yáñez García polo seguinte motivo:

SOLICITANTE	MOTIVO
Beneficiario: MARÍA PAZ RIVAS FREIRE NIF: ***0947** Expediente: 2025000017897 Obxecto: Solicitude axuda PEL Autónomo/as 2025	4.3

Consonte a resolución de concesión o motivo denegación do ordinal 4.3 correspóndese co motivo de denegación: *“Non estar dado de alta nalgunha actividade empresarial que conste recollida no Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria como titular con anterioridade á data de publicación da convocatoria”*.

Segundo.- O 10 de xullo de 2025 a interesada presentou no rexistro electrónico da sede electrónica da Deputación da Coruña, número de rexistro de entrada 202599900078466, recurso de reposición contra a citada resolución, alegando, en síntese :

“Que por erro, á hora de facer a solicitude de dita axuda presenteí unha situación censal de outra persoa, e por iso aparece na relación de axudas denegadas, ”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- Cumprimento dos requisitos xurídico-formais do recurso

O recurso presentouse en prazo e cumprindo os requisitos previstos nos artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas , polo que debe entenderse correctamente presentado e darlle trámite.

SEGUNDO.- Bases reguladoras. Os solicitantes deben cumprir o requisito de desenvolver unha actividade económica como persoa física que conste de alta no Imposto de actividades económicas

Consonante a base 3ª das Bases reguladoras específicas

Estas axudas van dirixidas a persoas autónomas que non reciban na anualidade 2025 ningunha axuda ou concepto similar conforme á definición contida na base 5.- Compatibilidades e exclusións, por parte de ningunha entidade ou organismo público para sufragar as cotas correspondentes ao réxime especial ou sistema especial por conta propia da Seguridade Social e reúnan con anterioridade á data de publicación da convocatoria os seguintes requisitos:

(...)

- Estar dado de alta como titular en algunha actividade empresarial e constar recollida no Certificado de Situación Censal da Axencia Estatal da Administración Tributaria*

De acordo co expediente administrativo a solicitante achegou certificado censal de data 14 de marzo de 2025 onde constaba como suxeito titular da actividade económica a sociedade civil Gandería Paineira, adicada a actividade agrícola e con domicilio fiscal en Cerdido. Tendo en conta que os datos da solicitude eran coherentes cos indicados na certificación censal (actividade gandeira, domicilio fiscal nun municipio de menos de 2.000 habitantes, pertenza o listado de municipios de transición xusta) a unidade xestora propuxo como denegada a solicitude o non cumprir a base 3ª das bases reguladoras. Non se realizou ningún requirimento de emenda ou aclaración o non haber ningún elemento de xuízo que permitira advertir que existía algunha incongruencia ou erro na solicitude.

Como anexo documental ó recurso a recorrente presentou a seguinte documentación:

- certificado censal da AEAT de data 9 de xullo de 2025, onde consta que dona María Paz Rivas Freire é titular dunha actividade económica dende o 28 de novembro de 2019 (B02-actividade gandeira) e que ten domicilio fiscal en Lugar casal baixo número 4 Monfero- San Xurxo Queixeiro (A Coruña).

Con data 13 de agosto de 2025 notificóuselle a recorrente a apertura dun período de proba co fin de que acreditara que con anterioridade o 14 de febreiro de 2025 o seu domicilio fiscal correspondía a un municipio de menos de 10.000 habitantes.

Dentro do prazo de proba a recorrente achegou a seguinte documental ó recurso:

- Certificado censual da AEAT de data 16 de outubro de 2024, onde consta que dona María Paz Rivas Freire é titular de unha actividade económica dende o 28 de novembro de 2019 (B02- actividade gandeira) e que ten domicilio fiscal en Lugar casal baixo número 4 Monfero- San Xurxo Queixeiro (A Coruña).
- Certificado de empadramento emitido polo Concello de Monfero do 18 de agosto de 2025 onde consta que a recorrente esta inscrita no padrón municipal dende o 1 de xaneiro de 1996.
- Borrador da declaración da renda correspondente ó exercicio 2024
- Extracto da consulta dos datos fiscais correspondentes o ano fiscal 2024
- Certificado de estar ó corrente de obrigas coa AEAT de data 5 de novembro de 2024, onde consta como domicilio fiscal Lugar Casal Baixo número 4 , Monfero- San Xurxo Queixeiro (A Coruña).
- Modelo de declaración 037 de data 5 de novembro de 2024 de modificación de datos relativos ó IVE

Da extensa documentación presentada co recurso acredítase que :

- A data 16 de outubro de 2024 o domicilio fiscal da recorrente correspondía o Lugar Casal Baixo número 4 , Monfero- San Xurxo Queixeiro (A Coruña) consonte o certificado censual emitido pola AEAT de dita data.
- A data 5 de novembro de 2024 non hai variación no domicilio fiscal segundo se acredita por certificado de estar o corrente de débedas emitido en dita data pola AEAT.
- A data 9 de xullo de 2025, o domicilio fiscal correspóndese co Lugar casal baixo número 4 Monfero- San Xurxo Queixeiro (A Coruña).
- Consonte o borrador da declaración do Imposto da renda das persoas físicas da anualidade 2024 (confirmado o 19 de xuño de 2025) a vivenda habitual en 2025 correspóndese coa dirección de LG Casal Baixo 0000 Monfero (referencia catastral 15051A039002430001BW).

Debese significar que consonte as instrucións que regulan a presentación da declaración da renda das persoas físicas (<https://sede.agenciatributaria.gob.es/Sede/ayuda/consultas-informaticas/renta-ayuda-tecnica/ratificar-domicilio-fiscal.html>) antes de acceder ao borrador da declaración o contribuínte debe ratificar ou, no seu caso, modificar o seu domicilio fiscal. A identificación do domicilio fiscal do contribuínte ofrece a información do último domicilio fiscal dispoñible na base de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria de forma separada ao resto da declaración e antes da descarga dos datos fiscais para que o contribuínte ratifíqueo e, no seu caso, poida modificalo. Con todo, neste exercicio (2024) os contribuíntes do IRPF que estean dados de alta no censo de empresarios, profesionais ou retenedores, se desexan modificar o seu domicilio fiscal, deberán facelo a través da declaración censual correspondente.

Aínda que este documento non acredita expresamente que antes do 14 de febreiro de 2025 o domicilio fiscal se atopaba en Monfero, se o poñemos en relación cos anteriores certificados, si é un indicio para inferir que o domicilio fiscal efectivo antes do 14 de febreiro correspondía o municipio de Monfero.

- O actual domicilio de empadramento certificado polo concello de Monfero, correspóndese co domicilio fiscal acreditado no certificado censual de outubro de 2024.

Este certificado non acredita o domicilio fiscal, e debe lembrarse que non existe una correlación directa entre empadramento e residencia fiscal. Non obstante, é un elemento probatorio que debe ser considerado.

- O extracto de consulta de datos fiscais do ano 2024, aportado como descarga en documento pdf, non pode ser considerado como documento administrativo público ao non aportar firmas electrónicas ou un código de verificación. Non obstante debe ser considerado como un elemento probatorio máis.
- Tamén consta nos rexistros da Deputación da Coruña que a entidade Gandería Panceira sociedade civil foi solicitante da axuda do programa PEL-Emprende Invest 2025 (expediente 2025000017882). Da documentación achegada coa solicitude da entidade acredítase que dona María Paz Rivas Freire non ten vinculación interna coa sociedade.

Consonte o apartado segundo do artigo 77 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

“ Os feitos relevantes para a decisión dun procedemento poderán acreditarse por calquera medio de proba admisible en Dereito, cuxa valoración se realizará de acordo con os criterios establecidos na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil.”

O artigo 317, número 5ª, da Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, dispón que se considera documento público *“(…) os expedidos por funcionarios públicos legalmente facultados para dar fe no que se refire ó exercicio das súas funcións”.*

E o apartado segundo artigo 319 dispón

“A forza probatoria dos documentos administrativos non comprendidos nos números 5.º e 6.º do artigo 317 aos que as leis outorguen o carácter de públicos, será a que establezan as leis que lles recoñeza tal carácter. En defecto de disposición expresa en tales leis, os feitos, actos ou estados de cousas que consten nos referidos documentos teranse por certos, para os efectos da sentenza que se dite, salvo que outros medios de proba desvirtúen a certeza do documentado.”

Polo exposto, queda acreditado fehacientemente que al menos o 5 de novembro de 2024 o domicilio fiscal da recorrente radicaba no municipio de Monfero. Tamén se acredita que en xullo de 2025 o domicilio fiscal era o mesmo. Consonte os datos do IRPF a vivenda habitual correspóndese co domicilio fiscal indicado nas certificacións censuais. No caso de que se houboese modificado o domicilio fiscal entre novembro de 2024 e marzo de 2025, debería constar esta salvedade no certificado censual de 9 de xullo de 2025, non sendo posible a modificación mediante a presentación da declaración do IRPF da anualidade 2024.

Por outra banda, aínda que hay un certo grado de incerteza, non menos certo é que se trata de un dato, o de domicilio fiscal efectivo a unha data concreta anterior ó 14 de febreiro, que debe constar nos rexistros da Administración Tributaria. Consonte o apartado segundo do artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro

“Os interesados teñen dereito a non achegar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou fosen elaborados por calquera outra Administración.”

e o apartado primeiro, letras c) e d) do artigo 53 establecen como dereitos dos interesados

“A non presentar documentos orixinais salvo que, de maneira excepcional, a normativa reguladora aplicable estableza o contrario. No caso de que, excepcionalmente, deban presentar un documento orixinal, terán dereito a obter unha copia autenticada deste.

A non presentar datos e documentos non esixidos polas normas aplicables ao procedemento de que se trate, que xa se atopen en poder das Administracións Públicas ou que fosen elaborados por estas.”

Polo que no caso de non ter por certo os feitos alegados polo recorrente corresponde a apertura dun período de proba, consonte o apartado segundo do artigo 77 da Lei 39/2015, ou ben demandar a documentación administrativa necesaria para resolver do servizo correspondente, no caso de ser un órgano da Deputación da Coruña, ou da Administración competente en caso contrario.

Por outra banda, a xurisprudencia ben indicando que respecto da carga probatoria debe prevalecer o criterio de dispoñibilidade e facilidade probatoria, indicando que as regras xerais sobre a carga da proba han de conectarse con outra regra complementaria relativa á dispoñibilidade e facilidade probatoria que corresponde a cada unha das partes, como reiteradamente mantén o Tribunal Supremo. Neste sentido, e como expresa a sentenza do Tribunal Supremo do 6 de outubro 2010, *«cada parte soporta a carga da proba das condicións fácticas da norma en que se basea a súa pretensión, regra ás veces corrixida polo criterio da maior facilidade dunha das partes na achega da proba concreta. Dado que o principio da boa fe na vertente procesual pode matizar, intensificar ou alterar a regra xeral sobre distribución da carga da proba, naqueles casos en que para unha das partes resulta moi fácil acreditar un dato de difícil demostración para a outra»*. O que se fai patente no caso da Administración Pública, como proclama o Tribunal Constitucional (SSTC do 28 de novembro de 1991 e 17 de xullo de 1995), ao sinalar que *«a rixidez do principio clásico do onus probandi quebra cando se fai recaer tal carga sobre a parte que ten na súa poder ou ao seu alcance as fontes de proba fronte a aquela que se atopa dificultada ou mesmo impedida para acceder a ela, especialmente cando o particular enfróntese a unha Administración Pública»*. O Tribunal Supremo (sentencia do 26 de xullo de 1996) pronúnciase en termos similares, sinalando que o onus probandi trasládase cara á Administración Pública cando esta ten nas súas mans a posibilidade de certificar sobre os extremos necesitados de proba. En consecuencia, e dentro do marco do xogo da carga da proba, a xurisprudencia lémbraunos que para a atribución do onus probandi hai que ter en conta sempre a posición e función das partes a efectos de comprobar quen delas ten ou dispón de maior facilidade para asumilo.

Polo exposto, non existe ningún indicio de que a situación do domicilio fiscal non é a alegada pola recorrente, con independencia de que a Administración Tributaria certifique de forma singularizada o domicilio fiscal anterior ó 14 de febreiro de 2025, e a interesada aportou suficientes elementos de xuízo indiciarios da súa pretensión para estimala.

A maior afondamento, cabe interpretar, tal e como indica a recorrente no seu recurso, que achegou por erro un certificado censual correspondente a un terceiro que non tiña relación coa recorrente.

TERCEIRO.- Revogación de actos e rectificación de erros.

O artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administración Común dispón:

“As Administracións Públicas poderán revogar, mentres non haxa transcorrido o prazo de prescrición, os seus actos de gravame ou desfavorables, sempre que tal revogación non constituía dispensa ou exención non permitida polas leis, nin sexa contraria o principio de igualdade, ó interese público ou ó ordenamento xurídico.

As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.”

Polo tanto, o apartado 1 prevé a revogación dos actos desfavorables para os interesados e o apartado 2 a emenda de erros padecidos durante a tramitación do procedemento.

Neste caso acontecen ambos supostos, xa que aínda que o recorrente cumprimentou erroneamente a súa solicitude, con anterioridade a data de convocatoria cumpría co requisitos para ser beneficiario como titular dunha actividade económica coma persoa física, consonte a base 3ª das bases reguladoras.

Respecto do erro de feito unha reiterada xurisprudencia (entre outras as sentenzas do tribunal Supremo de de 18 de maio de 1967, 15 de outubro de 1984, 31 de outubro de 1984, 16 de novembro de 1984, 30 de maio de 1985, 18 de setembro de 1985, 31 de xaneiro de 1989, 13 de marzo de 1989, 29 de marzo de 1989, 9 de outubro de 1989, 26 de outubro de 1989, 20 de decembro de 1989, 27 de febreiro de 1990, 23 de decembro de 1991, 16 de novembro de 1998) ven indicando que para que exista tal erro é necesario que os feitos en virtude dos cales se ditou o acto sexan inexactos e non respondan á realidade. O erro non debe referirse aos preceptos aplicables, senón nos supostos de feito, que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente. Non hai que acudir a elementos estraños dos que integran o expediente, nin ás declaracións feitas por órganos xurisdiccionais. O manifesto erro de feito que serve de fundamento ha de resultar dunha simple confrontación do acto impugnado cun documento incorporado ao expediente.

No caso concreto aínda que a solicitude inicial non permitía a Administración advertir que o certificado censual achegado era erróneo, e que tal erro se debía a unha certa falta de dilixencia da recorrente, isto non pode ser impedimento para estimar o recurso polos seguintes motivos:

- Existía un expediente de solicitude no programa de axudas PEL-Emprende Invest 2025 a nome da entidade Gandería pinceira sociedade civil que de cotexarse coa solicitude da recorrente permitía comprobar que esta última non tiña relación coa sociedade.
- Os efectos de entenderse cumprido o requisito de que o erro de poña de manifesto de forma evidente pola mera confrontación de documentos obrantes no expedientes, debe entenderse que os documentos que se aportan en fase de recurso son documentos que se

integran no expediente administrativo consonte a doutrina reiterada do Consello de Estado (por todos, Ditame 219/1998, do 12 de marzo) que indica que

"a esixencia de que os documentos estean `incorporados ao expediente` exclúe, como documentos idóneos para os efectos do artigo 118.1.1ª, aqueles que acompaña o interesado ao seu recurso de revisión, ou que se incorporen con posterioridade á conclusión do expediente mesmo que deu lugar ao acto impugnado (Sentenza do Tribunal Supremo, do 25 de xuño de 1966, e ditame do Consello de Estado número 46.693, do 13 de novembro de 1986)". Por tanto, para os efectos que nos ocupan, teñen a consideración de "documentos incorporados ao expediente, non só os que se incorporaron ao mesmo durante a tramitación do procedemento administrativo de `instancia`, senón tamén aqueloutros que o fosen durante a tramitación dos recursos administrativos, no seu caso interpostos".

Polo exposto, acredítase un erro material que pode ser emendado en fase de recurso.

CUARTO.- Cumprimento dos restantes requisitos previstos nas bases.

A unidade xestora comprobou que o recorrente cumpre todos os requisitos das bases reguladoras consonte a base 3ª e 5ª con anterioridade á data de publicación da convocatoria :

- Atópase en situación de alta no RETA dende o 1 de xaneiro de 2008.
- Está dado de alta como titular de unha actividade económica empresarial e así constar no censo de obrigados tributarios polo imposto de actividades económicas dende o 28 de novembro de 2019.
- Non foi beneficiario do programa na anualidade 2024.
- Non constan obrigas pendentes coa Facenda pública estatal, a Seguridade Social e a Deputación de Coruña.
- O recorrente cumpre co réxime de minimis
- Tendo en conta que o ultimo expediente concedido correspóndese cunha puntuación de 13 puntos, a recorrente acada a puntuación mínima esixida para ser beneficiaria, consonte os seguintes datos:

	Criterios valoración (base 8.1)	Puntuación máxima	Puntuación obtida polo solicitante
Criterio 1	Poboación do municipio no que se atope o domicilio fiscal da empresa	3 puntos	3 puntos
Criterio 2	Actividade económica do solicitante	3 puntos	1 puntos
Criterio 3	Solicitantes de municipios de Transición Xusta	2 puntos	2 puntos
Criterio 4	Non ter sido beneficiario/a en ningunha convocatoria de PEL Autónomos/as (*)	10 puntos	10 puntos
	TOTAL	18 puntos	16 puntos

En base aos antecedentes e fundamentos xurídicos sinalados, analizada a documentación achegada e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente

RESOLVO:

1º. Estimar o Recurso de Reposición presentado por dona María Paz Rivas Freire contra a Resolución de Presidencia número 2025/31665 de data 1 de xullo de 2024, publicada no BOP número 125 do 3 de xullo.

2º. Aprobar a concesión da subvención consonte aos seguintes datos:

Solicitude	Importe subvención
Beneficiario: MARIA PAZ RIVAS FREIRE NIF: ***0947** Expediente: 2025000017897 Obxecto: Solicitude axuda PEL Autónomo/as 2025	2.400,00 €

Dispor o gasto da subvención concedida con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0520/24100/479, empregando o nivel de vinculación de crédito no caso de ser necesario, importe: 2.400 euros.

O pago quedará condicionado a correcta xustificación da subvención consonte as normas previstas na base 9ª das Bases reguladoras específicas (BOP número 28 de 11 de febreiro de 2025).

3º. Notificar a presente resolución ao interesado, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.